

Accesos ao Gaiás



MANUEL
DOURADO
DEIRA

Tamén se denomina Cidade da Cultura (CdC), que outros cualifican doutras maneiras: *Cidade Absurda, Discutida, Polémica, Malnacida* polos elevados custos e mesmo dilapidación cando se proxectou e a onerosa carga que significa para Galicia. Non entro nese terreo nin concordo co triunfalismo dos seus partidarios. Pero a CdC está aí, en parte, e, gastados miles de millóns, non imos a desaproveitar as posibilidades que poida ofrecer no terreo da Cultura, do turismo ou de a calquera outro atractivo que se lle poida derivar. Creo que non deben construírse máis alboios no Gaiás. Alomenos, ata que o rematado alcance plenitude de acervo cultural e de senti-

do. A cuestión, agora, é ver como resolver da mellor forma os accesos para conectar a CdC á Compostela Monumental, de xeito que quen visite o Santiago histórico se lle poidan ofrecer facilidades para se trasladar a Gaiás.

As propostas son tres: a) liña de teleférico feita polo Consorcio de Santiago; b) liña de metro lixeiro ou mesmo un *sendeiro peonil*, iniciativa do arquitecto Peter Eisenmann, proxector da CdC; c) pasarela peonil desde Belvís á CdC cuxos autores son o escultor compostelán Xosé Francisco López Noia, autor da idea orixinal e estudos previos, e o arquitecto Carlos Henrique Fernández Coto, responsable do desenvolvemento proxectual daquela iniciativa.

Cal das tres propostas é a máis idónea e vantaxosa para os posibles visitantes? Estamos en período preelectoral e, como de costume, o tema vai ser utilizado polos políticos, cadaquén para o seus propios inte-

Estamos en período preelectoral e, como de costume, o tema vai ser utilizado polos políticos para o seus propios intereses

reses máis ca pensando no ben xeral do pobo. Xa anticipei que me inclinaba pola pasarela. Pero, logo, ante a polémica que xurdiu, procurei saber algo máis sobre a cuestión. Segundo informacións serias e fidedignas que tiven a oportunidade de conseguir, insisto en que a máis vantaxosa para o interese xeral é a pasarela. Vexamos por que.

Inconvenientes das outras alternativas: Acadar unha excesiva altura que poden impactar sobre a paisaxe do Sar; o azoute das inclemencias meteorolóxicas, sobre to-

do, tendo en conta que estamos na contorna de Compostela; como consecuencia, só poderían funcionar en determinadas horas; que, ademais, precisarían persoal de mantemento e funcionamento; consumiría enerxía; non sería accesible a minusválidos, en especial, aos que van en cadeira con rodas, ciclistas, policía motorizada; a visita á CdC por eses medios ten un custo, que, co tempo, iría subindo coma tódalas cousas, etc., etc.

A Pasarela, pola contra, é peonil; é un unha estrutura fixa que non precisa enerxía para o seu funcionamento, nin persoal para o seu funcionamento e mantemento; non causa impacto ambiental, ou é mínimo, no val do Sar; mais ben sería coma un magnífico miradoiro sobre esa contorna e mesmos sobre a urbe compostelá; é cuberta, polo que non padecería os efectos da inclemencias climatolóxicas, e un etc. moi longo, que quizá haxa que explicar nun futuro próximo. ●